



## **Santiago acollerá os días 5 e 6 de marzo a reunión plenaria anual da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos**

- **Pilar Rojo fará balance da súa etapa como presidenta da COPREPA e cederá esa responsabilidade a outro presidente**
- **O presidente do Senado, Pío García-Escudero, asistirá á sesión de apertura da reunión**
- **Serán recibidos polo presidente da Xunta e polo alcalde de Santiago de Compostela**

**Santiago, 27 de febreiro de 2012.-** O Parlamento de Galicia acollerá os vindeiros días 5 e 6 de marzo, a reunión plenaria anual da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos de España (COPREPA), entidade que durante o último ano presidiu a titular do Lexislativo galego, Pilar Rojo Noguera.

Como presidenta da COPREPA e anfitriona deste plenario anual, Pilar Rojo aproveitará a reunión para facer balance destes doce meses á fronte da entidade que agrupa aos presidentes das cámaras lexislativas, un mandato durante o que se renovaron a maioría dos parlamentos autonómicos.

Neste tempo, os esforzos da Presidencia galega centráronse en fortalecer os mecanismos de coordinación e colaboración internos, como sucedeu coa implantación da denominada *Red Parlamentaria*, para o intercambio de información e documentación parlamentaria.



## **Presidente do Senado**

O Plenario da COPREPA arrincará na mañá do luns 5 de marzo, cunha recepción ofrecida pola presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, aos demais presidentes asistentes, á que seguirá unha reunión de traballo na propia sede da Cámara galega.

O presidente do Senado, Pío García-Escudero, asistirá a esta primeira parte do Plenario. A asistencia de García-Escudero responde a unha invitación cursada pola presidenta da COPREPA, dado o carácter territorial da Cámara Alta.

## **Reunións co presidente da Xunta e co alcalde de Santiago**

Durante a xornada do luns 5 de marzo, os presidentes dos parlamentos autonómicos tamén serán recibidos polo presidente da Xunta de Galicia e polo alcalde Santiago de Compostela.

Ao día seguinte, o martes 6 de marzo, logo da sesión de traballo, farase pública a declaración institucional aprobada polo Plenario da COPREPA e anunciarase o nome do novo presidente ou presidenta da COPREPA para o seguinte período anual.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia